

VISITANDO O VERSO

I

Nunca rematarei este verso.
Querería contarche como se estraña coas persianas fechadas, e de como se escribe un poema;
querería dicirche que hai un silencio en cada recanto da casa e que as pisadas nas baldosas
cada día soan máis forte, que mañá, cando esperte fría, non rematarei
este verso,
porque podería contarche como se estraña coas persianas fechadas,
pero prefiro esperar a que fique durmida
e apagar a luz

cando veñas visitarme

II

estamos aquí por casualidade
porque algo estoupou fóra de nós
o cosmos

o cosmos era eu pintada de estrelas
e ti que me lías pendurado do meu peito:
quixen ser egocéntrica, pero non distingo a miña boca ás escuras e ti viaxabas polo meu ventre
amarelado nunha fotografía colgada da parede

quixen ser unha idea dentro da túa invención, ás escuras
nun recanto do que abrangue a túa memoria
e tiver que escribirche embaixo das letras

[inventándote
inventándome]

deixa que non me interprete, que a vulva sexa a relixión das que fuxiamos cos pés descalzos

golpeabámonos contra todas as paredes, queríamos fuxir co vento ás costas,
testemuñas de nós mesmas, vomitando verbas coma tolas

mírame de lonxe
só de lonxe
invasióname por dentro só por dentro
como devorando a comida que comemos antes

poerotízame contándome como se bota en falta coas persianas fechadas
ou de como abrimos as mans cando non hai nada dentro

[A NADA é algo que inventaron outros
para facemos máis débiles]

porque estamos aquí só por casualidade
e eu e ti somos un cosmos dentro doutro cosmos
unha película que mañá será antiga, fotografías dixitalizadas con filtros de cores

iso pensei cando eu te lía e tanta literatura colgada na rede
mañá xa non será máis que a nosa memoria

III

e cando veñas visitarme visitarásme só por dentro
embaixo deste verso:
_____ ti _____

camiñarei polas túas costas en acrobacia, polo teu pube como cabalgando pianos

golpeabámonos contra todas as paredes, queríamos fuxir co vento ás costas,
testemuñas de nós mesmas, vomitando verbas coma tolas]

nada permanece e só estamos aquí por ~~necesidade~~ casualidade
como eu en ti, na túa memoria, que só durarei un instante

só un íntre

este mesmo

agora

IV

sinto tanto que non esteamos máis preto, porque che recitaría de memoria este verso
recitaría cada parte do teu corpo e seríamos capaces de elevamos escribindo nas paredes

[elevant manicomios pintando palabras nas paredes e no teito
tocando unha de Brouwer]

contémplame así,
tan imperfectísima e estou aquí por casualidade
e tocamos todo porque as mans son tan necesarias
estás a piques de tocar este verso e a min sábese ben
sábese ben
tocando unha de Brouwer

V

e estamos aquí por casualidade,
imperfectos

podería buscarte neste verso e levarte comigo moi lonxe de aquí,
pero prefiro que ti me contemples,
e me perfectes mentres me caen as pestanas pintando manicomios de esperarte

se me elevo e me coloco sen marxas pendurada do teito
arrastrarei poemas mentres les este verso

camiñarei descalza sobre os vultos das rochas
camiñarei sobre as túas pernas en acrobacia
sobre a pedra da cidade que perdín e os charcos
as rúas estreitas e serei as ruínas de min, o silencio invertido do piano
a metáfora da vulva que escribín anoitecida
masturbada con laranxas molladas

podería buscarte nese silencio e levarte moi lonxe desa cidade
se me miras de costas e me coloco sen marxas

arrinca esta páxina e gárdaa dentro da man [soe pasar que olvidamos]
entón serei a visitada

a miña memoria foi consumida por un enorme silencio
arrinquei as páxinas dos meus libros favoritos e regaleinas

regalei poemas

con letras pornográficas escribiría o teu nome
e remataría o primeiro verso

Cristina Ferreiro

Confesións:

Entre Pólvora e magnolias descubrín
que me gustaba a poesía e escribín o
meu primeiro verso despois de ler a Meyer.
Atopeime dentro dun libro de Emma
Pedreira. Gústame visitar o laboratorio
pseudoprivado de textos dunha criatura
mecánica. Gústame máis o poema que
atopei onte nun pano de mesa na barra
dun bar que os de Góngora.

